

X. Xove (2005): “O verbo galego: usos e abusos, descrición e prescrición”, en R. Álvarez / H. Monteagudo (eds.): *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 313-334.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# O VERBO GALEGO: USOS E ABUSOS, DESCRIPCIÓN E PRESCRIPCIÓN

*Xosé Xove*

Instituto da Lingua Galega (USC)

## 1. INTRODUCCIÓN: CUESTIÓNS E INTENCIÓNS

O obxectivo sinalado para a nosa intervención é o de dispoñer o foco de luz sobre problemas de uso en que anda envolvido o verbo. Os problemas non son poucos, mesmo restrinxindo o campo de observación ao ámbito estrito do emprego das unidades verbais, simples ou perifrásticas: problemas no uso do infinitivo (inf. flexionado, inf. como verbo independente, *a + inf.*), do xerundio (posterioridade, especificativo), do participio (participios “dobres”), dos futuros de indicativo (futuro e pospretérito), das formas de pretérito e de futuro de subxuntivo, problemas no uso de *ter + part.*, no dalgunhas perífrases modais (*ter de + inf.*, *haber (de) + inf.*), no de construcións perifrásticas ou próximas con *vir (vir de + inf)*, con *voltar*, con perífrases pasivas, e aínda algunhas cousas máis.

Non é posible abordar todos estes problemas na presente sesión, como tampouco tentar facer unha delimitación precisa dos seus ámbitos do uso correcto. As nosas miras encamiñanse a examinar as dificultades de determinar a corrección ou incorrección de expresións situadas nos bordos do que consideramos galego, e, en consecuencia, as dificultades de delimitar e describir o bo uso correspondente. A revisión apóiase en aspectos que atanguen a *ter + part.*, ao inf. flex. e a *ter de + inf.*, e partimos de inicio da constatación de que a competencia lingüística que temos de noso como galegofalantes vólvese insuficiente e insegura ante mostras do tipo das de (1), (2) e (3):

- (1) a) En cada área temática, pois, cúmprese un determinado obxectivo xeral, pero para acadar ese obxectivo xeral, o alumno *terá que ter superado* previamente e de forma gradual uns obxectivos moito máis concretos (*Cadernos de lingua* 1, 1990: 139).

- b) De non *ter sido* Rector, este libro non existiría como tal, por moito que un *tivese matinado* sobre a institución universitaria (R. Villares, *Idea da Universidade* 1996: 17).
- (2) a) Non te esquezas de *apagares* a luz; Víaos *trataren* con xente da vila (X. R. Freixeiro, *Manual de gramática* 2001: 172).
- b) Mellor che sería *ires* chuchar dúas pastillas de líquene para *curares* esa carraspeira (A. Santamarina, trad., *Pinocchio* 1987: 98).
- (3) a) O Boletín Oficial do Parlameto de Galicia publicará [...] os votos particulares ou as emendas que se *teñan de defender* no Pleno ou en Comisións con capacidade legislativa plena (*Regulamento do Parlamento*, 1983: 45).
- b) Moito me praxe ver os meus irmáns tan ben reconciliados, despois do que levan altercado, e *teño de mandarles* a dicir que eu tamén quero entrar nesa composición (D. X. Cabana, *Morte de Rei* 1996: 227).

A nosa competencia natural, cando non influenciada polo ensino e orientacións gramaticais ou prescritivas, non abonda para encarar con coñecemento e seguridade exemplos coma os anteriores. A proba é que, dunha banda, os exemplos proceden de bos coñecedores da lingua, con criterio e ollar moi atentos a produciren enunciados ben correctos, mais, doutra banda, é o certo que tamén presentan, para outros, aspectos de dubidosa galeguidade. Cobizamos que a nosa práctica lingüística non quede apertada dentro de marxes estreitas, así que procuramos un galego que amplíe as súas lindes, a ser posible dentro do terreo da autenticidade, do que se entende por bo galego, por galego enxebre. A consecuencia, poida que inevitable, é que en ocasións pisamos areas pouco seguras.

Estes nosos intentos de producirmos un galego rico e “enxebre” non fan senón enraizar coas mesmas ansias de boa parte da tradición escrita, só que eludindo caer nos seus desvíos, nos que hoxe vemos como criterios enteiramente desencamiñados (maiormente, tódalas opcións que entran dentro da hipercorrección). Mais, a pesar de ser moito o camiño andado nos últimos vinte e cinco anos, é evidente que hoxe tamén hai problemas.

Estes usos lingüísticos situados nas marxes do sistema, fóra da nosa competencia natural, teñen como base normas máis ou menos conscientes ou interiorizadas, é dicir, responden a determinadas representacións da realidade da lingua. Non temos sobre deles saber de noso, senón que a pouco e pouco fomos incorporando á nosa práctica o seguro e o menos seguro. Dito doutro modo, expresións e actuacións lingüísticas nosas están rexidas por unha certa visión da lingua que fomos deseñando, representación en grande medida alimentada polo que vemos que fan ou describen persoas e instancias que nos merecen a confianza.

A cuestión é que, dentro de posturas con punto de partida e de chegada no galego, non existen liñas de actuación claras e ben delimitadas nes sectores da lingua a que vimos apuntando e que exemplificamos en particular, dentro das nosas miras, coas frases (1) a (3). As gramáticas e textos destinados a describir como se emprega o galego unhas veces carecen de respostas para usos que nos resultan dubidosos, outras veces discordan entre si e en ocasións ofrecen retratos excesivamente simples, unilaterais ou pouco fundamentados.

Por iso pola nosa parte, comprometidos na elaboración dunha gramática do galego apadriñada pola Real Academia Galega, parécenos obrigado, antes de máis, prestar atención a como son tratados e a como deben encararse usos considerados dubidosos. Os sometidos arestora á vosa consideración presentan atrancos reais cos que bato como lingüista e como falante. Desde o punto de vista da valoración da súa corrección (e tamén da súa prescrición normativa) ofrecen caras distintas, problemas que apuntan en varias direccións, pero todos ilustran, dentro da súa particularidade, situacións que se repiten noutros usos lingüísticos. Veñen a ser, daquela, mostras de certos tipos de problemas con que se enfronta o noso uso lingüístico.

## 2. O TIPO *TER* + *PART*.

No que levamos dito queda declaradamente asumido que todos (polo menos os presentes e os que andamos a voltas con estas cousas) partimos de que non todo o que circula en textos galegos, escritos ou orais, o aceptamos como “auténtico” galego. Dentro dos produtos da actividade lingüística galega hai moito que situamos non só nas marxes, senón á marxe.

É sabido que as linguas están incrustadas de transposicións alleas e acoñen cambios orixinados en interferencias doutros idiomas, de modo e maneira que en principio tamén se poderían aceptar en galego xeitos de dicir coma os de (4), (5) e (6). Mais ocorre que na vontade de falar galego “de verdade” está implicada hoxe –e tamén onte e antonte– a decisión de xebrar do uso o que entendemos que é falso galego, e particularmente o que consideramos contaxio do castelán. O estrago do sistema imputable ao castelán é unha consecuencia da situación anormal que padece o idioma, e ante esta situación de ataque destrutivo permanente, todos (polo menos os presentes e os que andamos a voltas con estas cousas) somos rexeneracionistas, puristas.

O “purismo” opera de maneira moi diferente en galego e noutras linguas: en galego é un movemento de defensa ante unha situación conflitiva, mentres que noutras linguas é unha cuestión que afecta a variacións e movementos internos, a escollas entre variedades máis ou menos tradicionais

ou innovadoras. Podemos por iso ser a un tempo fortemente puristas respecto do galego e, en cambio, non apoiarmos a aplicación dun purismo rigoroso en linguas que viven en situacións normais.

Perante este estado de cousas, a consecuencia evidente para o estudioso da lingua é que non pode tomar os datos lingüísticos, e de feito xeralmente non os toma, como galego sen máis. Nalgún momento, queira que non, fai o labor de peneirar. Ou ben deixa directamente fóra da descrición o que considera espurio, ou ben o menciona como variante espuria, pero en calquera caso actúa prescritivamente, de maneira implícita no primeiro modo de proceder e de maneira explícita no segundo. Tanto por finalidade práctica como por atención aos feitos resulta conveniente acoller nas descricións o que é asemade expresión allea ao sistema e mais tamén variante existente nas producións lingüísticas galegas; claro está, como cando se fai referencia a calquera outra variación (diatópica, de rexistro...) que non sexa a que se describe, é preciso acoutar e valorar as variantes, no caso que nos ocupa como expresións que (quizá) non forman parte do sistema “puramente” galego.

1. Na nosa criba, poñemos á beira, en primeiro lugar, o que nos parece claramente substitución ou incrustación allea dentro do sistema “propio”, particularmente o debido á presión do castelán. Os exs. de (4) son nidiamente ilustrativos desa situación, incluído (4e), por máis que esta forma noutros contextos sexa de sanción máis dubidosa e poña de manifesto como nin sequera todo *haber* + part. pode ser catalogado sen máis exame de castellanismo:

- (4) a) ¡Canto tén de *haber sufrido* aquí e alá! (R. Cabanillas / A. Villar Ponte, *O mariscal* 1926: 147).
- b) Non tiña outra cousa que faguer. *Había deixado* os estudos. Despois, iríame pra as Américas. Vendera unhas leiras, e díranme máis de vinte mil réas por ilas (Á. Fole, *Á lus do candil* 1953: 61-62).
- c) A cara daquil home era a dun difunto: enxoita, marela. Il mesmo *habería enterrado* aquil home, mais non se acordaba cando (Á. Fole., *Á lus do candil* 1953: 36).
- d) —É raro que non recorde de *haber lido* ningún conto de aparecidos en Castelao (Á. Fole, *Terra brava* 1955: 73).
- e) Outros apuntaban que quizabes *boubesen dado* morte alí, nunha noite escura, a un peleriño descoñecido (Á. Cunqueiro, *Merlín e familia* 1955: 131).

Os anteriores, castellanismos moi rechamantes pola súa propia expresión co auxiliar *haber*, son casos esporádicos en bos coñecedores da lingua, tales os anteriores.

2. Os exs. de (5) mostran unha situación que, a pesar das aparencias, no fondo non é moi diferente da de (4)<sup>1</sup>:

- (5) a) —Sei somentes que se *ten salvado* de milagre (S. Santiago, *O silencio redimido* 1976: 212).  
 b) Sen entrar en discusións de detalle, cousa que *temos feito* noutro lugar, abonden aquí dúas observacións (A. Torres Queiruga, *Revelación de Deus* 1985: 389).  
 c) O outono de 1957 iníciase para nós coa volta a Galicia de Ramón Cabanillas, á que xa nos *temos referido* (X. L. Franco Grande, *Os anos escuros* 1985: 105).

Fronte aos exs. de (4), estes evitan o castelanismo directo, pero os autores, mesmo bos galegofalantes, non chegan a liberarse do castelán: eses usos non son outra cousa ca calcos debidos á transposición das funcións significativas das unidades castelás (*ba* + part.) aos significantes (*ten* + part.) das unidades galegas. Os textos están escritos como se di nesoutro idioma, pero agora botando man das formas galegas correspondentes, que só existen con outro significado. Estes castelanismos, ausentes por completo da oralidade dos galegofalantes espontáneos, son doadamente detectables e corrixibles, e caracterizados unanimemente de tales, de espurios, en tódalas descricións da lingua.

3. Os exemplos que ata o de agora estivemos manexando son mostras claras de usos incorrectos da lingua, pero hai outros, como (1) e (6), en que o ditame sobre a súa adecuación ou non ao sistema galego resulta máis problemático:

- (6) a) pode que moito do que era actual e vixente no tempo aquel xa *teña deixado* de selo (C. Gonsar, *Desfeita* 1983: 8).  
 b) E que eu non podía face-las cousas ben, como ó mellor el quixera –e como eu mesmo quixera *telas feito*–, iso si que está fóra de dúbida (X. L. Franco Grande, *Os anos escuros* 1985: 111).  
 c) A xuízo de certos ilustrados de fins do XVIII e comezos do XIX a reforma cultural e moral do clero galego fora cativa, ou non se *tería producido* (P. Saavedra, *Vida cotiá en Galicia* 1992: 185).

<sup>1</sup> En (5b) o contexto (“noutro lugar”) non deixa dúbidas de que *temos feito* se refire a unha única ocasión; tamén (5c) se refire a unha ocasión anterior, aínda que o contexto reproducido permita outras interpretacións. Esas mesmas expresións serían plenamente galegas de se empregaren para destacar o sentido de ‘pluralidade’ do acontecemento expresado polo verbo.

- d) Á mañá, o borrallo / *terase apagado...* / ¡E sobre el despacio, / pasará o gado...! (Manuel María).
- e) Actuou nas dúas horas seguintes como se *tivese esquecido* o enigmático caso (B. Iglesias e M. Vázquez, trad., *Can dos Baskerville* 1996: 53).

Os máis renxen algo nos oídos, pero, aínda así, seguramente moitos optarían por aceptalos case todos; nesta decisión sen dúbida tería peso o creto outorgado ao usuario de quen procede o exemplo. Visto que a propia competencia en canto galegofalantes fraquea, solicitamos a axuda das instancias acreditadas (gramáticas, manuais, persoas autorizadas en cuestións lingüísticas...) e fórmamonos así unha determinada representación do galego que poñemos logo en acción. Como diría Cunqueiro, esas autoridades e esa visión propia son finalmente as causantes do “choio”.

4. Agora ben, se acadimos ás gramáticas e traballos que fan referencia a este tipo de usos, axiña percibimos que non hai coincidencia entre deles.

G. Rojo declara expresamente que “no existen “tiempos compuestos” en la conjugación gallega” (1974: 123), pero ao tempo incorpora *terei* e *tería* + part. á súa estruturación xeral do sistema verbal galego, formas opostas ás simples correspondentes non só por aspecto perfectivo / imperfectivo, senón tamén temporalmente: *terei* e *tería* + part. expresan anterioridade a unha posterioridade, as simples só posterioridade (1974: 18, 21-22).

Na *Gramática galega* de 1986, de R. Álvarez e outros, tan dependente da descrición de G. Rojo no apartado dedicado ás perífrases verbais, indícase, pola contra, que esta perífrase pode ter “aspecto puramente perfectivo, cando o verbo auxiliar vai en *infinitivo* (*ter*), *futuro* ou *futuro do pretérito* (*terei* / *tería*) ou *imperfecto* de indicativo (*tiña*)” (1986: 413).

X. R. Freixeiro, que nutre en boa medida as súas gramáticas da anteriormente citada, vai máis lonxe e engade o SPto.: “Se o verbo auxiliar vai en infinitivo principalmente, ou tamén en futuro, pospretérito, copretérito ou pretérito de Subx., o valor da perífrase pode ficar en puramente perfectivo: *Xa debías ter falado con teu pai antes*” (2001: 186).

Fronte a esa tendencia a darlle cada vez máis entrada á construción *ter* + part. en usos exclusivamente ‘perfectivos’, distintos dos de ‘anterioridade + pluralidade’ que ten de seu como construción especificamente galega (mesmo particular dentro das linguas románicas), a gramática de R. Álvarez e X. Xove trata de solicitar a máxima prudencia para eses empregos perfectivos e volve á situación inicial: “Nalgunhas ocasións [a perfectividade márcase] con certas formas e tempos de *ter* + Part. (non concordado), particularmente na relación temporal de posterioridade; con todo, é propio sobre todo de construcións non transitivas e de rexistros formais. Xunto con *terá* e *tería* + Part. tamén se empregan *teño* e *tiña* + Part., de acordo coa posibi-

lidade de botar man das formas de simultaneidade para indicar posterioridade. En calquera caso, *ter* + Part. (non concordado) alterna con construcións resultativas (*estar, ter...* + Part. concordado) e con outras posibilidades:

Cando volva o fillo da escola eu xa *tereí marchado* ~ *teño marchado* [tamén “Cando volva o fillo da escola eu xa *marchei*” ou “eu xa non estou aquí”]. Díxome que *tería acabado* ~ *tiña acabado* para as cinco [tamén “...que *acabaría* para as cinco”].

Antes de que acabe o ano xa *ten publicada* outra novela [ou mesmo “xa *publicou* outra novela”, mellor ca “xa *terá publicado* ~ xa *ten publicado* outra novela”].

Aínda que hai outras formas de *ter* + Part. (non concordado) que en ocasións poden empregarse para expresa-la perfectividade, en xeral deben evitarse, pois son infrecuentes en galego, salvo por calco da construción castelá *haber* + Part.” (2002: 342-343).

5. En resumo, respecto das formas posibles, nas exposicións anteriores só hai coincidencia en relación con *tereí* e *tería* + part. En calquera caso, mesmo seguindo o inventario máis amplo de Freixeiro, *teña deixado* de (6a) quedaría excluída como calco do castelán: “pode que moito do que era actual e vixente no tempo aquel xa *deixase* de selo”. En cambio, segundo a relación máis aberta desa mesma gramática, polas formas empregadas serían admisibles (1a-b) e (6b-e), pois teñen inf. (1a: *terá que ter superado*; 1b: *ter sido*; 6b: *telas feito*), futuro (6d: *terase apagado*), pospretérito (6c: *tería producido*) e pto. de subx. (1b: *tivese matinado*; 6e: *tivese esquecido*).

Con tal de mudar o auxiliar *haber* a *ter*, tamén quedarían incluídas dentro das formas posibles tódolos exs. de (4), como reflicte (7):

- (7) a) ¡Canto tén de *ter sufrido* aquí e alá! (R. Cabanillas / A. Villar Ponte, *O mariscal* 1926: 147).
- b) Non tiña outra cousa que faguer. *Tiña deixado* os estudos. Despois, iríame pra as Américas. Vendera unhas leiras, e díranme máis de vinte mil réas por ilas (Á. Fole, *Á lus do candil* 1953: 61-62).
- c) A cara daquil home era a dun difunto: enxoiata, marela. Il mesmo *tería enterrado* aquil home, mais non se acordaba cando. (Á. Fole, *Á lus do candil* 1953: 36).
- d) —É raro que non recorde de *ter lido* ningún conto de aparecidos en Castelao (Á. Fole, *Terra brava* 1955: 73).
- e) Outros apuntaban que quizabes *tivesen dado* morte alí, nunha noite escura, a un peleríño descoñecido (Á. Cunqueiro, *Merlín e familia* 1955: 131).

Xunto coa relación de unidades sinálase, dunha maneira ou outra e sen excepción, a condición de que esas unidades teñen que ter significado ‘perfectivo’. Este é un contido aspectual que se combina por forza con algún valor modal e con algún valor temporal, que poden ser calquera; non é un asunto carente de importancia, pois as unidades verbais poden ter diferentes significados de modo e de tempo, non un só, e polo tanto é preciso saber se a posibilidade de empregar, por exemplo, *tería* + part. con valor ‘perfectivo’ se estende ou non a tódolos seus significados modais e temporais: o pospretérito pode ser modalmente ‘probable’, ‘irreal’ ou ‘non probable nin irreal’, e temporalmente, na suma das súas adscripcións modais, pode aplicarse a calquera relación temporal. Como o carácter de ‘perfectividade’ dentro do significado modotemporal só é explicitamente mencionado en G. Rojo (1974) e R. Álvarez e X. Xove (2002), parece axustado interpretar que nas outras descrições mencionadas é relevante só que a unidade sexa ‘perfectiva’, pero indiferente cales sexan os seus significados de ‘modo’ e ‘tempo’. É dicir, segundo isto entrarían dentro de empregos aceptables como galegos aqueles de (1), (6) –salvo (6a), xa descartado– e (7) en que a perífrase *ter* + part. presente valor de ‘perfectividade’.

Para examinalo queda aínda, entre outras cousas, a cuestión de saber-mos a que se refire o termo de ‘perfectivo’, asunto que tampouco é abordado definidamente nalgúns textos citados. En R. Álvarez e outros (1986), por exemplo, seguindo a G. Rojo (1974), non se separa ‘perfectivo’ de ‘resultativo’ nin de ‘terminativo’, contidos diferentes expresados en galego de maneira diferente. En calquera caso, o concepto de ‘perfectivo’ fai sempre referencia a ‘acción ou proceso co seu termo’ nunha certa relación temporal; non pode confundirse con ‘anterior’, pois este trazo refírese á categoría de tempo, é unha relación temporal, en tanto que aquel refírese á categoría de aspecto. Un acontecemento dado como ‘anterior’ acostuma a ser ‘acabado’ desde o punto de vista da orixe ou referencia (en “ás tres *pasei* por alí”, *pasei* é anterior e, no momento en que iso se di, a acción está tamén acabada), pero iso non o fai ‘perfectivo’; se así fose, daquela ese acontecemento sería ‘anterior + perfectivo’, o cal significa que o proceso está acabado *na propia anterioridade*, non visto desde agora. É dicir, un acontecemento pode ser ‘anterior’ + ‘perfectivo’ ou ‘anterior’ + ‘non perfectivo’ (algo así como “ás tres xa *pasara* por alí” fronte a “ás tres *pasei* por alí”: na ‘anterioridade’ localizada con ‘ás tres’, *pasara* marca que nese momento anterior a acción é perfectiva, está realizada, o que non ocorre en *pasei*), ou pode ser ‘simultáneo’ e tamén ‘perfectivo’ ou non (por exemplo, é contextualmente perfectivo *levanta* –a acción enténdese como necesariamente acabada en relación coas outras–, pero non *fai* ou *abrir* en “ao que se *levanta* o primeiro que *fai* é *abrir* as

contras”; a perfectividade de *levanta* podería marcarse expresamente como *levantou*: “ao que se *levantou* o primeiro que *fai* é *abrir* as contras”).

Debido á falta de comprensión do que significa ‘perfectivo’ e da diferenza entre ‘perfectividade’ e ‘anterioridade’, o ex. que dá X. R. Freixeiro, reproducido arriba (*Xa debías ter falado con teu pai antes*), contradí a súa propia doutrina: ou ben esta se formulou mal porque non acolle como galegas expresións ás que se lles quere outorgar carta de galeguidade, ou ben o exemplo é un caso de calco do castelán (e tamén do portugués). O que o exemplo quere dicir é que no pasado (“antes”) alguén debeu facer algo que non fixo. Isto é, *falar* é expresado como modalmente irreal e temporalmente como anterior, pero en absoluto como perfectivo (é dicir, como acción xa acabada no propio pasado “antes”). O que o ex. quere dicir é exactamente o que en galego dicimos como “(Xa) *debiches* ~ *deberas falar* con teu pai antes”.

6. É agora o momento de nos poñermos a examinar se os exemplos de (1) e (6), independentemente do seu contido modotemporal, son ‘perfectivos’. No inf., tipo *ter* + part., éo (1a), pero non (1b) nin (6b); no futuro, tipo *terá* + part., éo (6d), pero non o é o pospretérito do ex. (6c), tipo *tería* + part.; tampouco o é o pret. de subx. de (1b), tipo *tivese* + part., en tanto que (6e) é ambiguo, por admitir unha interpretación resultativa, perfectamente natural en galego, co participio *esquecido* concordando con *caso*, OD de *ter*; a construción, que se levase o OD en pl. sería “como se *tivese esquecidos* os enigmáticos casos”, viría a ser paralela a *estivese esquecido*. De feito, esa é a construción empregada polos tradutores nestoutro exemplo da mesma obra: “acariñaba a idea de utilizala como reclamo, aínda que non *tivese perfilados* todos os detalles do seu complot” (*Can dos Baskerville* 1996: 191). En definitiva, segundo as descricións que máis formas de *ter* + part. contemplan como posibles, pero só en canto que ‘perfectivas’, en principio só virían a ser aceptables en galego (1a) e (6d), ademais de (6e) na interpretación resultativa.

Se reparamos no *terase apagado* de (6d) non se nos escapa que hai outras posibilidades expresivas, pero o seu uso parece perfectamente lexítimo nese contexto. Percibimos que vai de acordo con outros datos do galego empregado de maneira espontánea por galegofalantes. Son exemplos coma este os que validan a introdución nas gramáticas da posibilidade de usar *ter* + part. con significado perfectivo análogo ao que ten en castelán e en portugués.

Non nos resulta tan natural, en troques, (1a). O exemplo “ao que se *levanta*” citado arriba puxo de manifesto como poden existir contidos contextualmente perfectivos sen seren marcados de xeito explícito; mesmo linguas como o español e o portugués, con tempos compostos que expresan conti-

dos perfectivos, deixan sen marcar en ocasións o aspecto que no contexto resulta ser perfectivo. Isto é importante, dado que alude a outra das interrogantes que esperaríamos ver respondidas nas exposicións: ¿en que medida o aspecto ‘perfectivo’ se expresa con *ter* + part.?, ¿é o habitual ou só ocasionalmente permisible?, ¿como se expresa ese contido? Pois ben, *terá que ter superado* de (1a) é un bo exemplo de como formas simples (*superar*) poden manifestar contextualmente o contido perfectivo; de entrada, xa se podería empregar a construción resultativa en lugar da perfectiva (“o alumno *terá que ter superados* previamente e de forma gradual uns obxectivos moito máis concretos”), pero, por outro lado, dise o mesmo coa forma simple do inf., canto máis que neste exemplo o propio carácter de acción acabada está resaltado polo adverbio “previamente”: “En cada área temática, pois, cumprese un determinado obxectivo xeral, pero para acadar ese obxectivo xeral, o alumno *terá que superar* previamente e de forma gradual uns obxectivos moito máis concretos”.

Son polo menos dous factores diferentes os que pulan o uso dalgúñas construcións con *ter* + part. de modo igual a como o fai o castelán con *haber* + part. Como ilustra o exemplo (1a), un deles é o pensar desde o español; son as necesidades creadas desde o español as que están operando e traspasándose ao galego, que simplemente renunciou a marcar esas diferenzas ou expresounas doutro xeito. Coma nos enunciados de (2), o que se calca en formas galegas é un modo de dicir propio do castelán (e o que non é para desprezar, tamén do portugués).

Tamén os exemplos de (7), con *ter* como auxiliar en lugar do *haber* dos textos de procedencia que presenta (4), son proba de que as expresións con *ter* son calcos das equivalentes castelás con *haber*. Non se trata de que (4) sexan mostras de como expresións galegas con *ter* se castellanizan ao empregar como auxiliar o verbo *haber*, senón de que en (7) se evita só o castelanismo directo con *haber*, mais non o da transposición do emprego; apróvéitase o feito de que a construción *ter* + part. existe formalmente en galego, só que con outros significados, para traspasarlle os usos propios do composto castelán *haber* + part.: o resultado final ten así a aparencia de galeguidade.

Un segundo factor é a ausencia de temperanza, de coidado. A organización temporal do verbo galego é diferente da do portugués e da do castelán; estas linguas teñen “tempos compostos”, pero non o galego –así o subliñan tódolos manuais–, e iso significa que naquelas linguas os tempos compostos forman parte dos paradigmas modotemporais, coma as simples; é dicir, expresan relacións temporais particulares, non só aspecto perfectivo. O inf. composto portugués, por exemplo, pode ser ‘perfectivo’, pero tamén ‘anterior’, como en “Lembro-me de um dia *ter encontrado* todos os cromos de

futebol perfectamente organizados e alinhados” (*O Público* 3-10-1999). Isto en galego non existe, non se expresa así. Ignoralo significa que as lindes do que é galego e do que non o é queden varridas, e que o resultado sexa un inzamento invasor e abusivo de formas compostas con *ter*+*part.* que se percibe mesmo en escritores con bo galego de base e cun galego consciente. Dun “vale ás veces” pásase a “tamén agora”.

7. Tras este percorrido, os primeiros xuízos que podemos formular respecto da relación entre representacións persoais e uso é que nin aquelas se atañen ás exposicións que pasan por máis ou menos autorizadas, nin as propias descricións son completas e inequívocas. É dicir, hai sectores do uso lingüístico con evidencias de estaren influídos polo castelán e con respecto aos cales a descrición é en exceso simplificador e pouco definida. O que funciona como autoridade (modelos dominantes, relevancia social) non ten necesariamente, sabémolo ben, base científica e obxectiva, pero iso non quita que, cando menos, sexa imprescindible contar con descricións boas, completas e coherentes.

Mais, ¿cales son as descricións boas? Á parte dos problemas xa examinados, segue en pé o feito de que entre os estudos e gramáticas hai diferenzas no propio inventario de formas aceptables. E isto lévanos á cuestión de cales son as bases en que se apoia a descrición. Só se pode avanzar no establecemento dun galego autoxerado se partimos de que a cuestión básica xira, en primeiro lugar, sobre se o que se sabe ou cada un sabe sobre o asunto (é dicir, a representación descritiva da situación) é adecuado ou non, está ben fundamentado ou non.

No caso que nos ocupa, G. Rojo (1974) desbota por calcos casteláns diversas construcións con *tiña*, *tivera*, *tivese*, *ter* e *tendo* + *part.* Mais aínda aceptando, como aceptamos, o nidio castelanismo de moitas desas construcións, non se ve claro en que fundamenta Rojo as exclusións, pois o material que manexa e achega non as xustifica. Non o temos mellor nas gramáticas citadas, pois non explicitan cales son os datos lingüísticos galegos que confirman a súa posición; actúan con criterio de autoridade, e que lle outorguemos máis confianza a unha ou a outra conta con poucos apoios obxectivos en que sustentarse.

Hai, por un lado, o uso que os galegofalantes espontáneos fan da perífrase *ter* + *part.*, e, polo outro, o como expresan os contidos que a “outra” lingua verque a través de *haber* + *part.* Coma case sempre, a fonte do galego “enxebre” está no uso que fan os galegofalantes “enxebres”. Nesta ocasión, a dobre mirada, atenta e crítica, cara ao que se di e a como se di o que o “outro” (o castelán) di, debe fornecer a base sobre a que asentar a descrición.

3. O TIPO *INFINITIVO FLEXIONADO*

O panorama preséntase de xeito diferente, en cambio, no infinitivo flexionado, pois os datos que nos proporciona o galego falado de maneira espontánea son insuficientes para fixar as condicións de uso desta unidade.

1. Nos escritos da primeira metade do século XIX, utilísimos en tantos aspectos para o coñecemento do galego, non é doado dar con algún inf. flex.; o mesmo se constata nunha ollada pola recompilación dese cento de poemas que xuntou Antonio de la Iglesia no *Álbum de la caridad* (1862). Por un que atopamos, hai ducias de contextos que escusan o empregalo:

- (8) a) querían que [...] lles adornasemos as portas da Catedral pidindo limosna, que é o mesmo que *sermos* todos probes, e só eles ricos... vallahos a perdamá (*Tertulia da Quintana* 1820).
- b) Chamanlles bruxas ás vellas / por *ter* cara de carton (*Os rogos dun galego* 1813).
- c) non teñen Inquisicion / con *ser* irexes e Mouros (*Os rogos dun galego* 1813).
- d) Pouco faltou pra me *daren* / un gibon moi apretado (Juan Gómez del Ferrol, *Álbum de la caridad* 1862: 337).
- e) ¡Ai canté! ese era o modo / de nós *salir* de este estado / de miseria en que nos vemos (V. Turnes, *Álbum de la caridad* 1862: 268).

Fronte a isto érguese a gramática de Saco Arce, a quen lle chama a atención esta singularidade do galego de conxugar o infinitivo; o seu testemuño ten aínda máis relevo por ignorar a súa vitalidade tanto no portugués coma na Idade Media: “Una particularidad notabilísima del verbo gallego, es que el infinitivo que en las demás lenguas es modo impersonal, puede aquí conjugarse, como los otros modos, por personas y números” (1868: §46). E aínda engade en nota: “Sin duda parecerá extraña esta doctrina aun a los mismos gallegos, si non han bajado la atención al análisis de su propia lengua”. Sexa ou non polo maxisterio de Saco Arce, que valoraba favorablemente o seu uso –a diferenza de M. Valladares, quen ao lle negar utilidade e recomendar non empregalo está recoñecendo implicitamente a súa existencia (1892/1970: 53)–, o inf. flex. ten unha certa presenza en autores como Lamas Carvajal e Curros.

Chama a atención, en troques, que escritores relativamente actuais e bos coñecedores da lingua practicamente non o empreguen. En toda a narrativa de Á. Cunqueiro poden lerse só media ducia de exs. (X. Xove, 1982: 308); un repaso pola poesía enteira de Celso Emilio Ferreiro non consegue reunir senón tres mostras (X. Xove, 1992: 140), e a lectura de *Á lus do candil* de Á.

Fole non nos achegou máis ca unha: “¿Non notaches algo moi raro onte á noite, un pouquiño despois de te *deitares?*” (1953: 90).

Ao noso entender, unha ausencia do inf. flex. na escrita tan poderosa coma a constatada nos autores citados é mostra dun uso interferido do sistema. Non nos parece que haxa castelanismo en cada ocasión en que, podendo empregar inf. flex., se opte polo invariable; de feito, coidamos que en ningún caso, considerado cada un en por si, hai propiamente un castelanismo directo, porque nunca é obrigado de todo o uso do inf. flex. Agora ben, unha renuncia ampla a valerse do inf. flex. iso si é para nós un mal de interferencia castelá, un castelanismo indirecto, diferente do castelanismo abordado en *ter* + part. Coincide co que J. Kabatek denomina “interferencia negativa de converxencia”, consistente na “excesiva frecuencia en B [galego] de elementos que comparte con A [castelán] (+AB), con renuncia a elementos específicos, inexistentes en A [castelán] (-AB)” (2000: 34).

2. Nun certo momento, á altura das Irmandades da fala, percíbese ben a peculiaridade galega do inf. flex. e reacciónase contra a “interferencia de converxencia” co castelán. Mais o pulo que se lle dá á construción por veces soborda do que o propio sistema autoriza, e aplícanse as regras de uso en contextos en que non son de aplicación. Sábese que o inf. flex. é unha forma caracteristicamente galega que na lingua falada tende a vivir cada vez máis en precario, e polo tanto revitalízase o seu uso, só que chegando a caer en abusos coma os que vemos en (9):

- (9) a) hoxe mesmo *temos que irmos* cabo D. Ramonciño (A. Villar Ponte, *Almas mortas* 1922: 21).  
 b) O vello non espicaba como *viñeran a viviren* tan lonxe, en Ourense (R. Otero Pedraio, *Maorazga* 1928: 92).  
 c) As millares intelixencias *encomenzan a se sintiren* defraudadas por il (V. Risco, *Mitteleuropa* 1934: 374).  
 d) Calan, quizais medio convencidos, pero axiña *volveren a se aplomaren* no seu (R. Dieste, *Fiesta valdeira* 1958: 70).  
 e) Os seus días, a pesares delo, non *deberon estaren* ceibes de acoros, de mágoas e de angurias (F. Cuevillas, *Prosas galegas* 1962: 110).  
 f) ...porque tamén *podían seren* certos (E. Blanco Amor, *Xente ao lonxe* 1972: 73).

Como a ultracorrección descansa na orixe nunha concepción máis ou menos consciente do que é correcto, nestes usos existe sempre algún tipo de representación lingüística, só que inadecuada. No tipo de abuso ilustrado por (9), a fonte non é a analoxía directa co castelán, senón a extensión inapropiada, por excesiva, de regras tipicamente galegas (ultracorrección de *bi-*

*perenxebrismo*). O motor é un sentimento de lealdade e defensa do galego, axuntado a un desexo de recuperalo da influencia do castelán e de potenciar as súas características específicas e diferenciais, mais no fondo revela desconfianza na propia competencia como falantes, xa que a representación falseada (aplícanse regras onde non caben) se impón á realidade da lingua.

3. Seguindo o noso obxectivo de presentar, no relativo á súa carta de “galeguidade”, as caras diferentes e problemas de certos tipos de usos en que están implicadas formas verbais, demos por aceptado sen máis para todos que os exemplos de (9) son claramente incorrectos. O pronunciamento nun sentido ou noutro xa non é tan doado en exemplos coma os de (10):

- (10) a) Porque xa algúns mozos na taberna falaban de se *chegaren* cabo D. Xosé (A. Villar Ponte, *Almas mortas* 1922: 18).
- b) ¿Quién che mandou *descobrires* a don Ramonciño? (A. R. Castelao, *Os vellos non deben de namorarse* 1953: 46).
- c) Os homes corrían polas rúas pra *ergueren* parapetos (R. Otero Pedraio, *Maorazga* 1928: 40).
- d) os españoles non teñen dereito a *confundiren* a nación co Estado castelán, nen os franceses a confundir a nación co estado francés (V. Risco, *Mitteleuropa* 1934: 392).

A reacción de protección e de restauración dun uso que na fala tende a reducirse está levada nos inf. flex. dos anacos anteriores a límites máis indecisos. Mesmo de chegarmos a aceptar a corrección de todos, seguramente conviremos en que (10a) e (10b) son excesivamente forzados. Podemos dicir deles que son casos extremos de “discriminación positiva” a favor dunha forma de noso que tende a ser interferida pola converxencia co castelán. Esta situación oposta á “interferencia de converxencia” vén a ser o que J. Kabatek denomina “interferencia negativa de diverxencia”, isto é, “excesiva frecuencia en B [galego] de elementos que non comparte con A [castelán] (-AB), con renuncia a elementos comúns (+AB)” (2000: 34). Nos nosos exemplos non se trata propiamente –ou non se trata só– de “excesiva frecuencia” do que é diferente, senón de “excesiva ampliación” das regras de uso. Nin sequera teñen por que ser usos interferidos, debidos á vontade de afastarse do castelán: poden ser autoxerados, debidos á procura dun maior “enxebrismo”, pero abusando dunha característica do galego. No noso modo de ver, a procura da “autenticidade” pode levar a escollas “diferentes” das que coincidirían co castelán, pero esas escollas, “diferenciais” de facto, non están movidas forzosamente polo desexo de “diferenciarse” do castelán; aceptamos que hai posturas “diferencialistas” interferidas, dependentes no fondo do castelán, pero non que todo diferencialismo sexa interferencia.

4. Son dúas, en definitiva, as cuestións básicas que temos por diante. Unha está vencellada ao problema de sabermos cales son exactamente os límites das regras de uso do inf. flex., e vén ilustrada polos exemplos de (10)<sup>2</sup>. A outra refírese a se o inf. flex. é de uso obrigado nalgúns contextos, e polo tanto a se a súa ausencia implica dar acubillo a un castelanismo, como ocorrería, por exemplo, en (8b), (8c) e (8e). Un percorrido polos textos de maior axuda e máis recoñecidos dentro das orientacións normativas oficiais volve dar, coma en *ter* + part., resultados non coincidentes.

A *Gramática galega* de R. Álvarez e outros distingue entre inf. invariable “obligatorio”, inf. flex. que “aparece sempre” e inf. flex. “usual”. Segundo as regras que se expoñen alí (1986: 395-398), debemos considerar (10a) e (10b) como hiperenxebrismos: o inf. é invariable obrigadamente se, como en (10a), actúa como complemento preposicional inmediato dun verbo de igual suxeito, e se, como en (10b), está rexido por un verbo causativo (*mandar*) inmediato. Os exemplos (10c) e (10d) son máis indecisos, pois parece que entran dentro do que é posible (non están contemplados nos contextos de inf. necesariamente invariable), pero non do que é usual (o inf. vai precedido de prep. e posposto ao verbo principal, pero coincide con el en suxeito e non parece que estea distanciando). Se pasamos agora ao asunto da obrigatoriedade do flexionado, o que obtemos da *Gramática* é unha resposta non de todo clara: dise que “aparece sempre” nun par de contextos que explícita, pero o segundo deles –“cando o suxeito, sendo distinto ao do verbo principal, non está expreso e deséxase expresalo” (1986: 397)– parece que converte o uso nunha cuestión de decisión por parte do usuario, segundo el queira ou non expresalo claramente: “Sería mellor *marchar* [en vez de *marcharmos*] desta cidade canto antes”. Segundo o outro contexto que fai que “apareza sempre” o inf. flex.<sup>3</sup>, os anacos (8b) e (8e), pero non (8c), deberían conter inf. flex. (“Chámanlles bruxas ás vellas / por *teren* cara de cartón”; “ese era o modo de nós *saírmos* deste estado de miseria”); é dicir, se aí o inf. flex. é prescritable, habería que considerar castelanismos (8b) e (8e).

Aínda que con outra exposición, se ben máis detallada e matizada, a *Gramática da lingua galega* de R. Álvarez e X. Xove coincide no substancial coa anterior tanto no relativo ás condicións de uso do inf. flex. –manexa así

<sup>2</sup> Neste mesmo sentido, R. Álvarez chamaba a atención xa hai dez anos sobre os abusos a que levaba un exceso de discriminación positiva e sobre a necesidade de “termos unha boa descrición gramatical para separar usos forzados pola discriminación positiva a favor do infinitivo conxugado, de posibilidades tradicionais” (1994: 28).

<sup>3</sup> “Cando o infinitivo ten un suxeito claramente expreso, distinto ó do verbo principal” (1986: 397).

mesmo os criterios de diferenza ou non de *sux.*, anteposición ou non do *inf.*, e, no caso da posposición, o grao do distanciamento— coma no relativo ao emprego obrigado do *inf. invariable* (2002: 307-310). Desta sorte, a avaliación dos *exs.* (10a-d) cadra conforme coa feita antes. En cambio, esta *Gramática* di de modo explícito que “o *Inf. flexionado* non é estritamente obrigado en ningún caso” (2002: 307), e vólvese só dos criterios de máis ou menos frecuente e recomendable. Desde esta posición, en (8b) e (8e) é moi aconsellable o uso do *inf. flex.*, pero os seus *inf. invariables* non son castelanismos (por máis que a falta reiterada de *inf. flex.*, nesas e noutros contextos, manifeste interferencia de “converxencia” por parte do castelán).

X. R. Freixeiro, pola súa parte, fala de “uso obrigatorio” en varios contextos e de uso “recomendábel” noutros (1999: 401; 2001: 172). Agora ben, os criterios que emprega tanto para un (“obrigatorio”) coma para outro (“recomendábel”) son tan diferentes dos xa aludidos que dan lugar a enunciados para el “recomendables” e que segundo as gramáticas de 1986 e 2002 son hiperexcebrismos, tales os exemplos de (2a). Para el o *inf. flex.* é de uso “obrigado” non só cando conta con *sux.* diferente ao do verbo principal (“Marchou por *chegares* tarde”), senón tamén en “Insinuaron *seren* eles culpábeis” por ter o *inf. suxeito* expreso no texto, aínda que coincida co do verbo rexente, ou en “Antes de *sairmos* de viaxe temos de acabar o traballo”, por ir o *inf.* precedido de preposición e anteposto, a pesar de coincidir en *sux.* co verbo de que depende.

En fin, pode observarse que mesmo existindo acordo con respecto á precariedade do *inf. flex.* e á necesidade de potencialo, as posicións son diferentes en canto a usos obrigados, moi aconsellables, desaconsellables e excluídos: o uso obrigado aquí é só aconsellable alí, o uso aconsellable aquí e mesmo erro alí.

5. Como outra vez a propia competencia é fraca para sancionar nun sentido ou noutro con relativa seguridade, cómpre acudir aos datos. O recurso aos fornecidos pola fala espontánea non é suficiente, pois só deixan aparecer o *inf. flex.* de cando en cando, conque é necesario valerse de fontes externas, que non poden ser outras cás que nos ofrecen o galego medieval e o portugués actual. Faino así o traballo de maior alcance sobre o *inf. flex. galego*, o de F. G. Gondar (1978), pero, por unha banda, depende en exceso de textos literarios de posguerra pouco espontáneos e fiables<sup>4</sup>, e, pola outra, só ten en conta os usos do *inf. flex.*, non a súa ausencia nos contextos en

<sup>4</sup> Dos 786 *exs.* desta procedencia, “un pouco máis dunha décima parte ten algo máis da metade dos exemplos recollidos”, que son precisamente os que acumulan a maior cantidade de desvíos no seu uso (1978: 139-140).

que pode empregarse. Non permite, por iso, encarar con base relativamente segura os casos máis controvertidos e para os cales, na situación actual do galego, pedimos respostas por parte das normas de uso.

Semella, pois, que só o estudo contrastado de todo o conxunto de informacións de que podemos dispoñer (galego falado, galego escrito actual e antigo, portugués) permitirá elaborar descricións en que o galego non se vexa traizoado. E para nós así será se calcamos, sen máis, as regras de uso do portugués, ou mesmo se as levamos ao extremo de fomentar en galego o que en port. (e no galego medieval) é posible, pero moi raro e infrecuente, como ocorre cos exemplos de (2a). Non parece, sequera, que a situación en galego poida ser equiparada á existente no portugués escrito se temos en conta que neste o uso do inf. flex. é maior ca na lingua falada<sup>5</sup> e na lingua medieval, esta á súa vez con máis presenza de inf. flex. có galego medieval.

Tomemos o ex. (2b), extraído dunha obra ben recoñecida polo seu excelente galego, e examinemos o emprego do inf. flex. desde o punto de vista da frecuencia. Nada se poderá obxectar a *ires*, con flexión perfectamente acomodada, pero a opción de *curares* non vai de seu: con igualdade de suxeito entre verbo principal e inf. precedido de *para*, o port. tende a prescindir da flexión, o mesmo có galego medieval<sup>6</sup>:

Et hy[ã] asi de hũa parte cõmo da outra todos muy beẽ acabelados para *li-dar* (*Traducción de la Crónica general*: § 217).

Et chegarõ y todos seus amjgos moy ledos pera *rreçeberlos* et pera os *veer* et pera os *pregũtar* de suas fazeẽdas (*Crónica troiana*: § 24).

A cuestión a propósito dese ex. concreto non é a de se é posible, que o é, senón a de se é “normal” no tal contexto recorrer á flexión con frecuencia, como se fai nesa obra<sup>7</sup>, ou se iso non será caer na “interferencia de diverxencia”, como a ausencia habitual de uso do inf. flex. cae na “interferencia de converxencia”.

<sup>5</sup> “O infinito conjugado é, pois, mais que tudo, uma característica da língua escrita” (Hampejs 1959: 188).

<sup>6</sup> Obviamente, hai condicións, nas que agora non é cousa de entrar, que favorecen a posibilidade de conxugar o infinitivo neste contexto.

<sup>7</sup> Cfr. outros exemplos: “¿Non che sería mellor buscares algo en que traballar para *aprenderes* a gaña-lo pan?”, “Polo de agora pilla este regalo e gárdao para *ceares* á noite”, “Pero dime como fixeches para *botares* nesta fermosa cabana”, “Queremos estar espertos para *seguirmos* camiño”, “Despois de me comprardes trouxéste-me a este sitio para me *matardes*”, “-¿E como fixeches para *descubri-re*-lo complot destas catro ladras?”, etc.

4. O TIPO *TER DE* + INF.

O tipo *ter de* + inf. ofrece outras caras diferentes ás do inf. flex. e ás de *ter* + part., e a primeira delas o feito de ser unha forma descoñecida para os galegofalantes espontáneos desde hai moito.

1. Ten existencia plena en port., a carón da menos empregada *ter que* + inf., como equivalente da construción galega *ter que* + inf. Á primeira vista, e desde un criterio autoxerado, non dependente, carece de fundamento acoñecida no galego só por ser diferente do castelán e por facer coincidir a expresión da 'necesidade' en galego coa máis habitual en port.; nin achega nada nin rexenera nada, pois nunca existiu en galego co significado de 'cumprimento necesario' que ten *ter que* + inf.<sup>8</sup>

En galego existiu, pero con outro sentido. Á diferenza de significado entre *ter de* + inf. e *ter que* + inf. refírese a *Gramática galega*, onde se lle outorga a *ter de* + inf. o "matiz de 'acción por cumprir,'" de "acción de cumprimento obrigatorio pendente" (1986: 407)<sup>9</sup>. Non entramos a discutir se o significado da perífrase está adecuadamente caracterizado, ou aínda se os exemplos aducidos pola gramática cadran ben co exposto nela, mais sublinhamos o feito de que segundo esa descrición *ter de* + inf. está mal empregado en (11b), e coincide en todo con *ter que* + inf. en (11a) e (11c):

- (11) a) O primo veuse vivir á propiedade. Para casar *terían de pedir* dispensa a Roma e iso leva tempo (M. Ledo: *Trasalba ou Violeta e o morto militar* 1985: 139).
- b) *Tiven de me abster* delas, non obstante, por uns cantos anos (X. Rábade Paredes: *Palabra secreta* 1989: 11).
- c) tamén hai pouco que acordar, non sendo decampar, que moi pronto o *teremos de facer*, agás que Deus nos chova gra (D. X. Cabana, *Morte de Rei* 1996: 85).

<sup>8</sup> X. R. Freixeiro descríbela como equivalente de *ter que* + inf. ("hoxe é xeralmente substituída na fala pola fórmula *ter que* + *infinitivo*, con que compartilla os valores"), e aconsella "a súa revitalización e potenciación cando menos no modelo culto de lingua" (2001: 190). R. Álvarez veo doutro xeito: "Da idea de que *ter de facer* é a forma arcaica, dunha tradición case que perdida, nácenlle algúns valedores que a usan arreo na lingua escrita, erroneamente, en lugar de *ter que facer*" (1994: 30).

<sup>9</sup> É o valor que recollen X. García Cancela e C. L. Díaz Abreira no seu *Manual de linguaxe administrativa*: "expresa o matiz de 'acción por cumprir', de acción de cumprimento obrigatorio pendente", aínda que o ex. que achegan ("Os interesados *teñen de presenta*-las súas instancias no rexistro xeral") sexa equivalente en todo a *ter que* ou *deber (de)* + inf. (1991: 64-65).

2. Suposta a falta de equivalencia, queda aínda pendente a cuestión da súa existencia e dos modos do seu existir. Se facemos caso do que observa Saco Arce, as posibilidades formais son reducidísimas, pois di que “no se usa en galego este verbo *ter* con la preposición *de* máis que en la primera persona del presente de indicativo” (1868: § 165). Saco, que non dá exemplos, seguramente sabía da expresión a través de cántigas populares, que, como é sabido, presentan aspectos lingüísticos peculiares tanto no relativo á súa vinculación dialectal coma ao feito de acolleren expresións xa sen vida cando se recolleron.

Un percorrido pola base de datos TILG, que integra un milleiro de textos de xéneros diversos (escritos, populares, da fala...), non só deixa ver a ausencia da construción en textos da fala e dos abusos cometidos na súa incorporación á escrita (con uso forte sobre todo a partir das Irmandades da Fala), senón tamén que é nas cántigas populares onde aparece con características de seu tanto no significado coma na morfoloxía. En efecto, os algo máis de 100 exs. extraídos do cancionero popular son todos afirmativos e de primeira persoa –destes só un par deles da de plural–, e, como pode comprobarse nos seguintes exemplos, tomados dos publicados por Ballesteros, cun significado próximo ao de *haber (de) + inf.* (expresión da vontade e compromiso firme de cumprir a acción indicada polo inf.), en absoluto equivalente a *ter que + inf.*:

- (12) a) *Teño d'ir* a Santa Minia, *teño d'ir* á Escravitú, *téñolles de dar* as gracias, que me deron a salú (Ballesteros, *Cancioneiro popular* 1885: I 199).  
 b) *Teño d'aprender* á xastre e dende xastre á ladrón, d'os remendos que furtare hei de facer un calzón (Ballesteros, *Cancioneiro popular* 1886: II 233).  
 c) —Mangas e vestidos *teño de poñer*, Mariquiña hermosa, por darche pracer (Ballesteros, *Cancioneiro popular* 1885: I 100).

A pesar da súa nula presenza na fala actual, a consciencia de que *ter de + inf.* existiu na nosa tradición e de que constitúe un trazo característico, pode levar a que algúns queiran botar man dela nalgunha ocasión. De ser así, será conveniente aterse a dous tipos de restricións. O primeiro é o relativo ás formas que poden empregarse e á súa posición no conxunto de unidades que expresan obriga nun sentido amplo e coas que mantén relacións, isto é, *ter*, *deber*, *haber* e mesmo *poder* cando vai negado. O segundo refírese ao rexistro lingüístico, pois a súa existencia só pode darse dentro das lindes dun arcaísmo que se emprega só en estilos elevados, moi marcados. Segundo isto, o exemplo (3a), que non mantén ningún dos requisitos da perífrase, pertence de cheo ao hiperenxebrismo, mentres que (3b), entendido no sentido adecuado, é unha mostra de uso correcto.

3. A cuestión dos niveis de uso non é un asunto para descoidar. En galego funcionan dous modos de entender *normativo*, que, por outro lado, teñen orixe no propio texto das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982, 1995, 2003). Nun sentido, *normativo* é equivalente de *galego estándar que é de norma*, e polo tanto de uso obrigado en todo tipo de textos e ocasións en que habitualmente en tódolos idiomas se emprega a variedade estándar. O que non impide, naturalmente, que existan outros galegos correctos non normativos empregados nos ámbitos que lles son propios. Neste sentido ten habido intervencións excesivamente “normativistas” que a estas alturas precisan de maior reflexión e moderación.

Mais no texto das *Normas* tamén se inclúen aspectos da lingua relativos unicamente á súa corrección, sen que iso obrigue a empregalos por forza na variedade estándar. No posesivo, por ex., dise: “Existe tamén un posesivo de respecto, *mi*, que acompaña a *madre*, *padre*, ocasionalmente a *tío* e aínda a outros substantivos de tratamento (*amo*, *señor*)” (2003: § 15.2). Destácase esta posibilidade, destácase a súa autenticidade galega e sublíñase a posibilidade do seu emprego, pero ese texto nin se redactou nin se le para que se aplique de maneira obrigada no estándar sempre que se dean as circunstancias enumeradas nas *Normas*.

É dicir, desde o punto de vista normativo sanciónanse como correctas determinadas expresións, pero non se segue que todas sexan tamén de “uso normal”: hainas que son propias de estilos marcados, por fóra dos cales deben evitarse. Non só conta a adecuación a unhas certas condicións formais, sintácticas e de significado, senón tamén a uns ámbitos de uso apropiados.

Tornando a *ter de* + inf., entendemos que nas condicións apropiadas, hai campo para o seu uso. A descrición gramatical pode incorporala como expresión galega, mais iría contra a propia lingua, “inventándoa”, se a colocase no nivel das construcións usais da lingua estándar. Por tratarse dun arcaísmo, acae ben no contexto do exemplo (3b), o que non quita que o mesmo texto que a acolle sobrepase derregas noutras ocasións, como acontece en (11c).

## 5. CONCLUSIÓN(S)

Asúmese, neste simposio, o avance ininterrompido que se vén producindo na mellora da corrección lingüística, no que depende directamente de ditames normativos e máis alá deles. Agora ben, as sesións fanse porque hai aínda dúbidas e dificultades, e nesa proposta de avanzar un paso máis na procura dun galego máis “limpo”, para nós dun galego máis galego, intégrase a nosa contribución. Nos tipos de problemas que trouxemos a exame, con presenza notable na escrita, latexa de primeiras a cuestión da deshar-

monía das representacións que nos facemos da realidade da lingua, particularmente naqueles sectores fóra do control da nosa competencia lingüística natural. A nosa intervención ilustrou unha vez máis como, nos asuntos examinados, as gramáticas e os textos de máis uso e autoridade, responsables en boa medida das nosas opcións, difiren entre si, non chegan a ser suficientes e, nalgúns casos, non están ben fundamentados. Neste sentido, como xa dixó unha colega de conferencias, a resolución das dificultades só pode estar esteada no fondo coñecemento dos datos e no seu estudo rigoroso.

No tipo *ter* + part. os problemas proveñen da valoración que fagamos da interferencia castelá; a dificultade está en que, a carón de calcos ben evidentes, hai outros usos de resolución máis delicada. Para nós, o cerne dos abusos consiste en que as expresións galegas están construídas a partir dos modos de dicir do castelán. Se é así, a vía de saída vai logo por pensar á galega, e isto implica examinar con atención como se expresa en galego o que o castelán di con *haber* + part. Só así poderá avaliarse tamén en que medida o galego escrito posúe características e necesidades propias, que mesmo poden apoiar un emprego de *ter* + part. cunha marxe de uso máis ampla cá que se observa na fala espontánea.

O descoído que se percibe na atención prestada aos calcos de *ter* + part. vólvese por veces exceso na dedicada a coidar o uso do inf. flex., pois a discriminación positiva ao seu favor para evitar interferencias de converxencia acaba por ser en ocasións interferencia de diverxencia. O inf. flex. é un exemplo de como pode ser imprescindible recorrer ao portugués, pero cómpre así mesmo que á comprensión correcta das regras que operan nesta lingua se una unha aplicación prudente delas. Non nos semella atinado que en galego se vaia mesmo máis alá do que acostuma ir o portugués escrito, e si que se atenda a que neste a frecuencia de emprego xa é en por si maior cá existente no portugués falado e no portugués e galego medievais.

O tipo *ter de* + inf. ilustra o caso dos usos que sobordan non só os límites gramaticais de emprego dunha expresión galega (hipergaleguismo típico, nesta ocasión tanto no referido ás formas coma aos significado atribuídos á perífrase), senón tamén os da lingua funcional (variante social, rexistro) en que a construción debe operar. En *ter de* + inf. trátase de arcaísmo, noutras expresións son usos que consideramos moi marcados: nin *ter de* + inf., nin o xerundio flexionado (*víndomos*), nin a interpolación (*tamén llo eu dixen*) poden ultrapasar tódalas barreiras e daren en ser empregados de modo normal na lingua estándar.

O portugués ten presenza xustificada na delimitación de usos do inf. flex., pero non se está actuando nos problemas en que andan envolvidos *ter* + part. e *ter de* + inf.: non se trataría aí de ningunha “rexeneración” e si de interferencia en partes do galego que precisan doutros coidados médicos.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, R. (1994): “Gramática descriptiva e gramática prescritiva”, *Cadernos de lingua* 10, 19-35.
- Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, R., H. Monteagudo e X. L. Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Freixeiro Mato, X. R. (1999): “Sobre os usos do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo no galego moderno”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (coord.) (1999): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, I 389-416.
- Freixeiro Mato, X. R. (2001): *Manual de gramática galega*. Vigo: Ed. A Nosa Terra.
- García Cancela, X. e C. L. Díaz Abreira (1991): *Manual de linguaxe administrativa*. Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia.
- García Gondar, F. (1978): *O infinitivo conxugado en galego*. Anexo 13 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Hampejs, Ž. (1959): “Alguns problemas do infinito conjugado no português”, *Boletim de Filologia* XVIII, 177-194.
- Kabatek, J. (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.
- Maurer Jr., Th. H. (1968): *O infinitivo flexionado português (estudo histórico-descriptivo)*. São Paulo: Editora Nacional.
- Normas (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. [A Coruña / Santiago de Compostela]: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Rojó, G. (1974): *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Anexo 2 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imp. de Soto Freire.
- TILG = Santamarina, A. (dir.) (2004): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Imaxin [<http://www.ti.usc.es/TILG>].
- Valladares, M. (1892/1970): *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia.
- Xove Ferreiro, X. (1982): “Sobre a lingua de Cunqueiro. V. O sistema verbal”, en *Homenaxe a Alvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 308-340.
- Xove Ferreiro, X. (1992): “A lingua galega en Celso Emilio Ferreiro. V. O verbo”, en Rosario Álvarez Blanco (coord.): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. Santiago de Compostela: Universidade, I 119-170.